

RÚBRICA: ODE 1 - QUEN XOGA?

	Nivel 1. Escasa	Nivel 2. Aceptable	Nivel 3. Boa	Nivel 4. Excelente
Creatividade e orixinalide. Creatividade e orixinalidade no deseño do xogo. (20%)	O xogo é pouco creativo e orixinal ou ben é unha copia case exacta doutros xogos existentes sen apenas innovación. (0.5)	O xogo é funcional e amosa certo grao de creatividade, pero segue de preto conceptos ou deseños xa coñecidos sen moita innovación. (1)	O xogo é creativo e orixinal, aínda que pode basearse en ideas existentes, introduce elementos innovadores que destacan. (1.5)	O xogo é altamente creativo e orixinal, presenta unha idea completamente nova ou unha reinterpretación innovadora dunha idea existente. (2)
Innovación. Capacidade de innovación para elaborar o xogo. (20%)	A capacidade de innovación é moi limitada, o xogo é en gran medida unha repetición de conceptos existentes. (0.5)	Amosa unha certa capacidade de innovación, aínda que principalmente combina elementos xa coñecidos. (1)	Amosa unha boa capacidade de innovación, con varias mecánicas ou conceptos novos, aínda que non totalmente revolucionarios. (1.5)	Amosa unha gran capacidade de innovación, introducindo conceptos ou mecánicas de xogo completamente novas e orixinais. (2)
Materiais e recursos. Uso adecuado dos materiais e recursos empregados no xogo. (15%)	O uso dos materiais e recursos é inapropiado ou ineficiente, non aproveita as súas posibilidades adecuadamente. (0.4)	Emprega materiais e recursos dun xeito correcto, aínda que sen destacarse pola creatividade ou eficiencia. (0.8)	Emprega materiais e recursos de maneira adecuada e eficaz, con certa creatividade na súa aplicación. (1.2)	Emprega materiais e recursos dun xeito moi eficiente e creativo, aproveitando ao máximo as súas posibilidades e características. (1.5)
Funcionalidade. Funcionalidade e xogabilidade do xogo. (15%)	O xogo é pouco funcional, con regras confusas ou imprecisas que dificultan ou impiden unha boa experiencia de xogo. (0.4)	O xogo é xogable pero presenta algunhas dificultades ou imprecisións nas regras que afectan a experiencia de xogo. (0.8)	O xogo é funcional, entretido e xogable, as regras son claras e aínda que pode presentar algúns aspectos mellorables. (1.2)	O xogo é altamente funcional e xogable, as regras son claras e equilibradas e o xogo é entretido e motivador. (1.5)
Acabado final. Presentación e acabado final do xogo. (15%)	A presentación e acabado son deficientes, con erros evidentes ou falta de atención aos detalles visuais. (0.4)	A presentación e acabado son aceptables, pero carecen de detalles ou refinamento estético. (0.8)	A presentación e acabado son bos, con detalles coidados, aínda que con algúns aspectos que poderían mellorar. (1.2)	A presentación e acabado do xogo son de alta calidade, cunha atención detallada aos aspectos visuais e estéticos. (1.5)
Reflexión e melloras. Realiza melloras no xogo en base ás reflexións realizadas. (15%)	A súa colaboración e reflexión co grupo na implementación das melloras é mínima ou inexistente. (0.4)	Realiza melloras limitadas baseadas nalgunhas reflexións e colabora co grupo de maneira intermitente na implementación destas. (0.8)	Realiza melloras efectivas e colabora de maneira constante co grupo na implementación das melloras propostas, contribuíndo ao traballo colectivo. (1.2)	Colabora de forma proactiva e destacada co grupo na implementación das melloras propostas, cun rol de lider e motivando aos demais membros do grupo. (1.5)